

**TERCEIRO EXERCICIO**  
**CASO PRÁCTICO**  
**TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL-RAMA ECONÓMICA**  
**OEP 2014-2015-2016**

Con data do 14/7/2018, rexistrouse co número de documento 180000478412 un escrito no que se recolle o seguinte texto:

*“Por medio del presente escrito **RECURRO EN REPOSICIÓN** el contenido de la notificación que recibí con fecha de 25/5/2017, por considerarlo contrario a derecho y lesivo para mis intereses.*

*El contenido de la notificación recibido es el siguiente; “(O Concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda) **RESOLVO** aprobar a liquidación provisional do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, proposta na actuación de comprobación limitada obxecto deste procedemento, a nome de D. Dativo Fernández González co número de D.N.I. 1234566X. Contra a anterior resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer reclamación económico-administrativa, ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello, sen prexuízo de que, con carácter potestativo e previo, poida formular recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución; en ámbolos dous casos, o prazo de interposición é dun mes contado a partir do día seguinte ao de notificación da liquidación. Tamén poderá presentar calquera outro que teña por conveniente. Achégase carta de pagamento para o seu ingreso nas oficinas de calquera das entidades colaboradoras que se mencionan na mesma.”*

*Mi desacuerdo con el contenido de la resolución es por los siguientes motivos:*

***Primero.** Con fecha de 14/4/2015 procedí a la venta, que consta en escritura pública de 15/4/2015, de una vivienda de mi propiedad en favor de una tercera persona por valor de 200.000 €. Al no producirse incremento de valor, entendí que no procedía declarar la transmisión a los efectos de este impuesto. Además leo en prensa que la ley que lo regula se va a modificar y que los Tribunales amparan el impago del impuesto cuando no hay incremento de valor.*

***Segundo.** Pero un año después, el 21/5/2016 se me notificó un escrito de inicio de actuaciones de comprobación limitada con propuesta de liquidación, con plazo de alegaciones por diez días, más un anexo con los derechos del art. 34.1 de la Ley General Tributaria, un modelo para efectuar las alegaciones, y un anexo en el que se calculó la liquidación en más de 9.000 €.*

***Tercero.** No efectué alegaciones porque consideré que se trataba de un error ostensible y no debía presentarlas, procediéndose de oficio a anular esa liquidación. Sí que presenté las escrituras originales que me requirieron vdes. de compraventa de 1978 y de 2015.*

***Cuarto.** Ante la posibilidad de que finalmente se proceda a un embargo de mis bienes, recurro la resolución recibida para que no sea firme, y solicito que revisen el expediente y se anule la autoliquidación notificada.*

*En Vigo, a 14 de julio de 2018  
Fdo.: Dativo Fernández”*

Incorporado a este expediente o informe técnico elaborado por outro funcionario, no mesmo se conclúe a existencia de incremento de valor. Elabore o informe-proposta ao documento rexistrado, no que debe analizar as cuestións máis relevantes, entre elas:

- Cauce procedimental para o tratamento do escrito 3 pto.
- Sentido da resolución 1 pto.
- Réxime de recursos 1 pto.

TERCEIRO EXERCICIO SUPOSTO PRACTICO PROCESO SELECTIVO TECNICO DE ADMINISTRACION XERAL RAMA ECONOMICA OEP 2014-15-16

No Concello de Vigo, os dereitos recoñecidos netos do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) de natureza urbana para o exercicio 2018 ascenderon a 65.500.000€.

Para abordar unha mellora na prestación de servizos, para o exercicio 2020 é preciso incrementar o tipo impositivo do IBI para inmóbles de natureza urbana, que se regula no artigo 8.2 da súa Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles no Concello de Vigo.

A redacción actual é:

Artigo 8:

*"2. O tipo de gravame para os bens inmóbles urbanos será do 0,901%.*

A nova redacción será a seguinte:

Artigo 8:

*"2. O tipo de gravame para os bens inmóbles urbanos será do 0,919%.*

**CUESTIONS A DESENVOLVER:**

I.- Posibles actuacións previas que integrarían o expediente. *(1 punto)*

II.- Redacte informe con proposta de resolución para a aprobación polo órgano competente da citada modificación. *(2 puntos)*

III.- Unha vez aprobado o proxecto polo órgano competente, determine a tramitación a desenvolver ata a plena efectividade da modificación. *(2 puntos)*